


PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



Proxecto Educativo do Centro: Escola Oficial de Idiomas da Coruña

Índice

1. Introducción e marco normativo	3
2. Identidade, misión e visión da escola	4
3. Contextualización e diagnose	5
3.1 Estrutura territorial e oferta	5
3.2 Diagnóstico resumido	6
4. Obxectivos estratéxicos e pedagóxicos	7
4.1. Eixo pedagóxico e metodolóxico	7
4.2. Eixo de planificación e adaptación da oferta	8
4.3. Eixo de convivencia, igualdade e benestar	8
4.4. Eixo de innovación e dixitalización	9
4.5. Eixo de avaliación e mellora continua	9
5. Organización e funcionamento	9
6. Oferta educativa	10
7. Metodoloxía e avaliación das aprendizaxes	11
7.1. Enfoque comunicativo e centrado na acción	11
7.2. Aprendizaxe activa, colaborativa e entre iguais	11
7.3. Inclusión e atención á diversidade	11
7.4. Innovación pedagóxica e actualización docente	12
7.5. Acción titorial e acompañamento educativo	12
7.6. Avaliación formativa, certificadora e mellora das aprendizaxes	12
7.7. Coordinación docente e coherencia institucional	13
7.8. Competencia dixital e cidadanía global	13
8. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas	14
8.1. Carácter e finalidade	14
8.2. Elaboración e estrutura básica	14
8.3. Coordinación e coherencia interdepartamental	15
8.4. Seguimento e avaliación das programacións	15
8.5. Publicidade e acceso	16



8.6. Formación e mellora docente	16
9. Plans e programas do centro	17
9.1. Plan de Convivencia	17
9.2. Plan de Comunicación Interna e Externa	17
9.3. Plan Lector e Biblioteca Escolar	18
9.4. Programa de Promoción da Lingua Galega (EDLG)	18
9.5. Plan Dixital	18
9.6. Plan de Igualdade	19
9.7. Plan de Formación do profesorado	19
9.8. Plan de Autoprotección	20
10. Participación e relación coa comunidade educativa	20
11. Avaliación e mellora do PEC	21
12. Difusión e revisión	21

1. Introducción e marco normativo

O Proxecto Educativo de Centro (PEC) é o documento que define a identidade, os principios, a organización e as liñas estratéxicas da EOI da Coruña e das súas seccións. Constitúe, xunto coas Normas de Organización e Funcionamento (NOF), o Plan de Convivencia, o Plan Anual de Centro e a Memoria Final, o eixo básico da planificación, avaliación e mellora do centro.

O presente PEC é un texto operativo, dinámico e avaliable, revisable cada tres anos, que integra todos os plans e programas vixentes, conforme ao Decreto 189/2010 (ROC) e á LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020).

A EOI da Coruña e as seccións de Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo caracterízanse polos seguintes principios e sinais de identidade, que definen e orientan toda a acción educativa:

- Centro público, plural e aberto á sociedade, comprometido co servizo público, a equidade e o acceso universal á aprendizaxe de linguas ao longo da vida.
- Promoción activa do multilingüismo e do diálogo intercultural, favorecendo o respecto pola diversidade lingüística e cultural e a valorización da lingua galega como eixo de cohesión.
- Enfoque comunicativo, inclusivo e competencial, centrado na acción, na mediación e na aprendizaxe significativa.
- Compromiso coa igualdade, a convivencia positiva e o benestar emocional, impulsando relacións baseadas no respecto, na empatía e na resolución pacífica de conflitos.
- Actualización permanente e innovación pedagóxica continua, mediante a formación do profesorado, a participación en proxectos de innovación, programas europeos e redes de colaboración entre EOIs.
- Fomento da aprendizaxe entre iguais e da cooperación docente, entendendo o coñecemento como un proceso compartido.

- Integración das tecnoloxías e das metodoloxías activas e innovadoras, para desenvolver a competencia dixital e promover unha aprendizaxe autónoma, creativa e sostible.

Marco normativo de referencia

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico das Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o ROC.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas.
- Lei 3/2024, do 15 de febreiro, de medidas urxentes para a igualdade e dixitalización educativa.
- Instrucións anuais da Consellería de Educación sobre organización, avaliación e certificación.
- Plan Galego de Convivencia e Inclusión Educativa 2023–2027.
- Axenda Dixital Educativa 2030.

2. Identidade, misión e visión da escola

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña, xunto coas súas seccións de Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo, constitúe unha comunidade educativa aberta, diversa e comprometida coa aprendizaxe das linguas como ponte de comunicación, coñecemento e convivencia.

Misión

A nosa misión é ofrecer unha formación lingüística e cultural de calidade, baseada na inclusión, na igualdade e na aprendizaxe ao longo da vida, que

capacite o alumnado para comunicarse con eficacia, pensar de forma crítica e participar activamente nun mundo plurilingüe, intercultural e global. Entendemos o ensino de idiomas como unha ferramenta de crecemento persoal, profesional e social, que contribúe á cohesión e ao progreso da comunidade.

Visión

Queremos ser un centro de referencia no ensino de idiomas en Galicia, recoñecido pola innovación, pola calidade pedagóxica e pola implicación da súa comunidade educativa.

Aspiramos a consolidar unha escola en constante evolución, conectada coas novas tendencias metodolóxicas, capaz de aprender tamén do seu propio alumnado e de compartir coñecemento entre iguais. Pretendemos que cada aula sexa un espazo de creatividade, colaboración e apertura ao mundo.

3. Contextualización e diagnose

A EOI da Coruña é o centro con maior oferta lingüística de Galicia (11 linguas) e un referente na rede de EOIs pola súa experiencia, o seu dinamismo, o volume de alumnado e a diversidade cultural.

Conta cunha sede central na Cidade escolar da Coruña e catro seccións dependentes en Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo.

O centro atende a unha poboación heteroxénea, pola idade, condición social, motivacións, etc. A diversidade lingüística e cultural do alumnado constitúe unha oportunidade educativa e social única.

3.1 Estrutura territorial e oferta

Unidade	Localización	Linguas	Observacións
Sede central na	R/Educación 1	Alemán, árabe,	Centro principal.

Coruña	A Coruña	chinés, ELE, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso, xaponés	Inaugurado en 1973.
Sección de Arteixo	IES Manuel Murguía Arteixo	Inglés	Aberta desde o curso 2013-2014.
Sección de Carballo	Pazo da Cultura Carballo	Alemán, ELE, francés e inglés	Aberta desde o curso 2004-2005.
Sección de Cee	IES Fernando Blanco Cee	Inglés	Aberta desde o curso 2007-2008.
Sección de Culleredo	CIFP A Laboral Culleredo	ELE e inglés	Aberta desde o curso 2007-2008.

3.2 Diagnóstico resumido

- Alumnado: diverso en idade e motivación, con interese por certificacións e perfeccionamento profesional e de aprendizaxe ao longo da vida.
- Profesorado: altamente cualificado, con ampla experiencia e implicación nos plans e programas.
- Fortalezas: ampla oferta lingüística, estabilidade e implicación da comunidade educativa.
- Debilidades: limitación de espazos e recursos, desigualdades tecnolóxicas, carga administrativa.
- Oportunidades: demanda crecente de certificacións, colaboracións, programas europeos.

- Ameazas: dispersión territorial, descenso de matrícula nalgúns niveis, restricións para aumentar profesorado e linguas.

4. Obxectivos estratéxicos e pedagóxicos

Os obxectivos da Escola Oficial de Idiomas da Coruña, inspirados na súa misión e visión, estrutúranse en cinco eixos que orientan a acción pedagóxica, organizativa e social do centro.

4.1. Eixo pedagóxico e metodolóxico

Garantir unha ensinanza de idiomas de alta calidade, baseada no enfoque comunicativo, competencial e intercultural, en coherencia co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) e co Decreto 81/2018.

Promover a innovación pedagóxica e metodolóxica continua, apoiando a formación permanente do profesorado e a actualización das prácticas docentes mediante proxectos de innovación, investigación e colaboración intercentros.

Favorecer a aprendizaxe activa, autónoma e entre iguais, fomentando o traballo colaborativo, a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe e o uso das TIC como ferramenta de comunicación e creación.

Reforzar a acción tutorial como espazo de orientación e acompañamento, que facilite a integración do alumnado, a resolución de dificultades e o desenvolvemento da autonomía persoal e académica.

Prever o abandono e o absentismo, mediante unha detección temperá das dificultades, o seguimento individualizado e a implicación coordinada de profesorado e a dirección.

Atender adecuadamente ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e Necesidades Educativas Especiais (NEE), conforme á

lexislación vixente, garantindo a igualdade de oportunidades, a accesibilidade e as adaptacións razoables de acordo coas súas necesidades.

A EOI da Coruña asegurará a aplicación dos principios de equidade, inclusión e deseño universal da aprendizaxe (DUA), ofrecendo medidas de apoio personalizadas e coordinación cos servizos de orientación e a Inspección Educativa.

O centro comprométese a garantir a confidencialidade, o respecto e a non discriminación, así como a formación específica do profesorado en atención á diversidade.

4.2. Eixo de planificación e adaptación da oferta

Axustar periodicamente a oferta de linguas, niveis e modalidades ás necesidades reais da comunidade e á demanda sociolingüística das diferentes sedes, garantindo a distribución equilibrada e a viabilidade dos grupos.

Solicitar a incorporación de tipoloxías de cursos flexibles e innovadoras (modulares, de destrezas, cursos curtos, profesionais ou de actualización docente) para responder ás novas demandas de aprendizaxe.

Avaliar permanentemente a pertinencia da oferta lingüística e dos niveis, en función dos datos de matrícula e avaliación.

Promover o aproveitamento de cursos específicos, facilitando itinerarios formativos personalizados que melloren a motivación e a permanencia.

4.3. Eixo de convivencia, igualdade e benestar

Garantir a igualdade real e efectiva e a eliminación de calquera forma de discriminación por razón de sexo, orixe, lingua, crenzas, orientación ou identidade.

Consolidar a convivencia positiva, a educación emocional e a mediación como instrumentos para a resolución dialogada dos conflitos.

Integrar de forma transversal a educación en valores, a igualdade e a diversidade cultural no currículo e nas actividades do centro.

4.4. Eixo de innovación e dixitalización

Impulsar a dixitalización educativa e o uso responsable das tecnoloxías, conforme ao Plan Dixital de Centro e á Axenda Dixital Educativa 2030.

Desenvolver a competencia dixital docente, mediante formación continua no centro e acompañamento entre iguais.

Promover a sostibilidade ambiental e social, fomentando hábitos responsables e a redución do impacto ecolóxico na actividade escolar.

4.5. Eixo de avaliación e mellora continua

Consolidar unha cultura de avaliación institucional, mediante indicadores medibles de aprendizaxe, participación, satisfacción e resultados.

Empregar os datos de avaliación para a mellora da práctica docente, da planificación da oferta e dos plans complementarios.

Favorecer a reflexión pedagóxica compartida, potenciando o traballo colaborativo e o intercambio de boas prácticas entre o profesorado.

5. Organización e funcionamento

O funcionamento do centro rexerase polas NOF aprobadas polo Consello Escolar no curso 2025-2026, que regulan:

- Estrutura organizativa e órganos de goberno.
- Coordinación entre sede e seccións.
- Comunicación interna e externa.
- Planificación docente e administrativa.

- Integración dos plans complementarios: Convivencia, Comunicación, Biblioteca, Galego, TIC, Lector, Igualdade e Autoprotección.

6. Oferta educativa

A EOI da Coruña imparte ensinanzas oficiais de idiomas de réxime especial nos niveis A1 a C2, segundo o MCERL. Non todas as linguas poden ofrecer todos os niveis; a oferta pode modificarse en función da demanda e do cupo de profesorado do centro.

Modalidades:

- Presencial.
- Semipresencial.
- Libre (probos de certificación).
- Cursos específicos para colectivos profesionais ou público xeral.
- Cursos de galego CELGA, Linguaxe Administrativa Galega.
- Cursos de formación do profesorado FOR, CALC.
- *That's English!*, programa oficial do Ministerio de Educación, xestionado desde a EOI da Coruña para o resto de EOIs da provincia, deseñado para o alumnado que precisa unha modalidade flexible combinando aprendizaxe autónoma e titorías presenciais dunha hora e media á semana, impartida na sede central na nosa escola, por profesorado do departamento de inglés.

Programas complementarios:

- Erasmus+ e colaboracións europeas.
- Clubs de lectura e Radio na Biblio
- Proxecta e plans de innovación.
- Proxectos intercentros con outras EOIs e universidades.

7. Metodoloxía e avaliación das aprendizaxes

A metodoloxía da Escola Oficial de Idiomas da Coruña e das súas seccións baséase nunha visión activa, comunicativa, inclusiva e competencial da aprendizaxe das linguas, orientada á acción, á mediación e á participación. Estes principios inspíranse no MCERL, no Decreto 81/2018, nas Instrucións da Consellería de Educación e nos obxectivos estratéxicos e pedagóxicos definidos neste PEC.

7.1. Enfoque comunicativo e centrado na acción

O proceso de ensino e aprendizaxe das linguas estrutúrase arredor do uso real da lingua, mediante tarefas comunicativas que reproducen situacións auténticas e favorecen a mediación lingüística e cultural.

A aula concíbese como un espazo de práctica, interacción e reflexión, onde o alumnado é protagonista activo do seu propio progreso.

As actividades de lingua (comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita, e mediación oral e escrita) intégranse de maneira equilibrada, adaptándose ás necesidades de cada lingua e de cada nivel.

7.2. Aprendizaxe activa, colaborativa e entre iguais

Poténciase a aprendizaxe cooperativa e o intercambio de experiencias lingüísticas e culturais.

Foméntase a aprendizaxe entre iguais, tanto entre o alumnado como entre o profesorado, mediante titorías compartidas, observación de aulas e redes intercentros.

O profesorado adopta o rol de guía e facilitador, creando condicións para que o alumnado participe, experimente e constrúa coñecemento de forma autónoma.

7.3. Inclusión e atención á diversidade

A práctica docente rexe polos principios de equidade, accesibilidade e deseño universal da aprendizaxe (DUA).

O centro garante as adaptacións metodolóxicas e avaliativas necesarias para o alumnado con NEAE ou NEE, de acordo coa normativa vixente e en coordinación co Equipo de Orientación Específico e da Inspección Educativa.

A diversidade cultural e funcional considérase un valor enriquecedor que contribúe á formación en empatía, respecto e cooperación.

7.4. Innovación pedagóxica e actualización docente

A EOI da Coruña promove unha cultura de innovación e mellora continua, a través da participación do profesorado en formación permanente, grupos de traballo, proxectos de innovación e programas europeos.

A aula convértese nun laboratorio de aprendizaxe no que se integran recursos audiovisuais, ferramentas dixitais e plataformas colaborativas con finalidade pedagóxica.

Favorécese o intercambio de boas prácticas e a creación de materiais adaptados ao contexto da escola e das súas seccións.

7.5. Acción titorial e acompañamento educativo

A acción titorial é parte esencial da metodoloxía: garante o seguimento persoal e académico do alumnado, orienta na xestión da aprendizaxe e promove a integración e o benestar.

Desenvólvese a través de entrevistas, sesións de orientación, comunicación fluída e coordinación cos departamentos.

A titoría axuda a previr o abandono e o absentismo, fortalecendo a motivación e a confianza do alumnado.

7.6. Avaliación formativa, certificadora e mellora das aprendizaxes

A avaliación enténdese como parte do proceso de aprendizaxe, orientada á mellora continua e á reflexión.

O profesorado aplica criterios claros, públicos e coherentes co MCERL, garantindo a validez, fiabilidade e obxectividade das avaliacións.

Empréganse instrumentos diversos na aula: rúbricas, portafolios, tarefas comunicativas, probas integradas e autoavaliación.

As probas de certificación elabóranse de forma coordinada e colaborativa nos departamentos, seguindo as directrices da Consellería de Educación e da comisión de probas, co fin de garantir a homoxeneidade de criterios, a transparencia e a coherencia coa práctica docente e co currículo.

As probas de curso e certificación son obxecto de revisión, análise de resultados e reflexión pedagóxica, co obxectivo de mellorar a súa calidade, accesibilidade e adecuación aos obxectivos curriculares.

A avaliación inclúe feedback individualizado que permite ao alumnado identificar fortalezas e áreas de mellora.

7.7. Coordinación docente e coherencia institucional

A coherencia metodolóxica e avaliativa garántese mediante o traballo coordinado dos departamentos.

A reflexión conxunta sobre resultados, incidencias e propostas de mellora intégrase na Memoria Anual e orienta as accións da PXA seguinte.

7.8. Competencia dixital e cidadanía global

A metodoloxía integra o uso responsable, ético e crítico das TIC, favorecendo a competencia dixital e a aprendizaxe colaborativa.

O ensino das linguas contribúe á formación dunha cidadanía global, comprometida coa igualdade, a sostibilidade e o respecto pola diversidade cultural e lingüística.

8. Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas

As programacións didácticas constitúen o instrumento fundamental de planificación, desenvolvemento e avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe nas Escolas Oficiais de Idiomas.

Na EOI da Coruña e nas súas seccións, a súa elaboración, aplicación e revisión réxense polos seguintes principios e directrices xerais, en coherencia co Decreto 189/2010 (ROC), o Decreto 81/2018, a LOMLOE e as Instrucións anuais da Consellería de Educación.

8.1. Carácter e finalidade

As programacións didácticas:

- Desenvolven e concretan o currículo oficial establecido no Decreto 81/2018 e nas disposicións específicas de cada lingua.
- Orientan o traballo docente e garantizan a coherencia metodolóxica, avaliativa e organizativa entre todos os grupos, niveis e seccións.
- Serven de base para a avaliación do alumnado e para a autoavaliación da práctica docente, vinculándose cos obxectivos do PEC e da PXA.
- Constitúen documentos públicos e revisables, supervisados pola Inspección Educativa.

8.2. Elaboración e estrutura básica

Cada departamento didáctico é responsable da elaboración da súa programación, de acordo coas directrices xerais do centro, comunicadas pola dirección.

A estrutura mínima das programacións incluírá:

Xustificación e contextualización: referencia á normativa vixente e ás características do alumnado.

Obxectivos xerais e específicos de cada nivel, en relación coas competencias e descritores dos niveis.

Contidos e bloques de aprendizaxe, organizados por actividades de lingua e por niveis.

Criterios e instrumentos de avaliación.

Metodoloxía e estratexias de aprendizaxe.

Medidas de atención á diversidade e inclusión.

Recursos empregados.

Secuenciación de cada curso.

Medidas de seguimento, avaliación e mellora da programación.

8.3. Coordinación e coherencia interdepartamental

A xefatura de estudos e a dirección velarán pola coherencia das programacións entre departamentos, asegurando o cumprimento das directrices comúns e a integración dos plans transversais, comunicados a través da CCP.

Os departamentos didácticos revisarán anualmente as súas programacións á luz dos resultados de avaliación, dos informes de tutoría e das propostas de mellora recollidas na Memoria Final.

8.4. Seguimento e avaliación das programacións

O seguimento realizarase de maneira continua e sistemática durante o curso e ao remate de cada período lectivo:

Seguimento trimestral nas reunións de departamento e de coordinación de niveis para detectar necesidades de adaptación ou axuste.

Informe anual de avaliación da programación, incorporado á Memoria Final de cada departamento, que incluírá:

- grao de cumprimento da planificación,
- análise dos resultados académicos,
- dificultades detectadas,
- propostas de mellora.

As conclusións deste informe servirán de base para actualizar a programación no curso seguinte e para retroalimentar o PEC e a PXA.

O equipo directivo e a CCP supervisarán a adecuación e revisión dos documentos, garantindo a súa actualización normativa e funcional.

8.5. Publicidade e acceso

As programacións didácticas estarán dispoñibles para a comunidade educativa a través da páxina web da EOI da Coruña.

O alumnado poderá consultar os criterios de avaliación e certificación correspondentes ao seu nivel e lingua.

8.6. Formación e mellora docente

O centro promoverá a formación permanente do profesorado en deseño curricular, avaliación por competencias e elaboración de instrumentos válidos e fiables.

Fomentarase a creación de grupos de traballo interdepartamentais e a participación en proxectos de innovación que contribúan á mellora das programacións e das prácticas avaliativas.

9. Plans e programas do centro

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña e as súas seccións de Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo desenvolven diferentes plans e programas transversais que concretan e complementan os obxectivos do Proxecto Educativo.

Todos eles están coordinados entre si e integrados na Programación Xeral Anual, de acordo co Decreto 189/2010, do 11 de novembro (ROC das EOIs), e coas Instrucións anuais da Consellería de Educación.

9.1. Plan de Convivencia

O Plan de Convivencia baséase no respecto, a empatía e o diálogo como eixes dunha convivencia positiva.

Establece medidas de prevención do acoso, do ciberacoso e de toda forma de discriminación, así como protocolos de mediación adaptados á realidade das ensinanzas de idiomas e ao alumnado adulto.

Promove unha cultura de comunicación e resolución pacífica de conflitos, con participación activa da comunidade educativa.

A súa aplicación e seguimento correspóndenlle á Comisión de Convivencia, en coordinación coa Coordinación de Igualdade e a dirección do centro.

O plan revísase anualmente e avalíase na Memoria Final de Centro, integrando as conclusións na PXA do curso seguinte.

9.2. Plan de Comunicación Interna e Externa

Este plan regula as canles oficiais de comunicación do centro (páxina web, correo corporativo, aula virtual, redes institucionais e taboleiros informativos) e garante a transparencia, a accesibilidade e a coordinación entre a sede e as seccións.

Inclúe protocolos de xestión da información, difusión de eventos e comunicación co alumnado, co profesorado e coas institucións colaboradoras.

Avaliase anualmente en función do grao de eficacia das canles, da actualización dos contidos e da satisfacción dos usuarios.

9.3. Plan Lector e Biblioteca Escolar

O Plan Lector fomenta o gusto pola lectura e a alfabetización informacional en todas as linguas ensinadas.

Desenvolve clubs de lectura, exposicións temáticas, intercambio de libros e actividades culturais que promoven a lectura como práctica social e ferramenta de aprendizaxe.

A Biblioteca da EOI actúa como espazo dinamizador e de apoio á docencia, coordinada co EDLG, co Plan de Igualdade e co Plan de Comunicación para dar visibilidade ás actividades culturais do centro.

Avaliase cada curso en función da participación, do número de actividades e do impacto nas competencias lectoras e interculturais do alumnado.

9.4. Programa de Promoción da Lingua Galega (EDLG)

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega promove o uso e prestixio do galego en todas as actividades da escola.

Impulsa campañas, concursos, celebracións, publicacións e colaboracións con outras institucións, co fin de reforzar a presenza do galego como lingua de cultura, comunicación e aprendizaxe.

O programa integra tamén accións de visibilización do galego nas seccións e actividades conxuntas co Plan Lector, o Plan de Igualdade e o Plan de Comunicación.

Avaliase anualmente a través dun informe do EDLG, valorando o impacto e a participación.

9.5. Plan Dixital

O Plan Dixital ten como obxectivo fomentar a competencia dixital do profesorado, do alumnado e do persoal administrativo, así como o uso seguro, ético e responsable das tecnoloxías.

Aliñado coa Axenda Dixital Educativa 2030, promove a innovación metodolóxica, a integración das TIC nas aulas e a xestión eficiente da información.

Inclúe accións de formación, acompañamento tecnolóxico e avaliación da competencia dixital docente.

O seguimento e actualización do plan correspóndelle á Coordinación TIC, e a avaliación realízase anualmente.

9.6. Plan de Igualdade

Integra medidas de igualdade efectiva entre mulleres e homes, linguaxe inclusiva e prevención da violencia de xénero, en coherencia co Plan de Convivencia.

As súas accións están coordinadas co Plan de Convivencia, co Plan Lector, co Programa de Dinamización da Lingua Galega, co Plan de Comunicación e co Plan de Formación do Profesorado, de modo que todos os ámbitos da actividade escolar incorporen o enfoque de igualdade.

O plan abrangue a sede e as seccións, e adecúase ás particularidades de cada contexto local.

O Plan de Igualdade terá unha vixencia de tres cursos académicos (2025–2028) e será revisado e actualizado coincidindo coa avaliación global do Proxecto Educativo de Centro.

9.7. Plan de Formación do profesorado

O Plan de Formación do Profesorado establece as liñas prioritarias de actualización pedagóxica e profesional da EOI da Coruña e das súas seccións.

Defínese en coherencia co PEC, cos obxectivos estratéxicos e coa normativa vixente sobre formación permanente do profesorado (Decreto 4/2013 e Instrucións anuais da Consellería).

As súas finalidades son:

- favorecer a innovación metodolóxica e a mellora da práctica docente,
- promover a formación en avaliación competencial, inclusión e igualdade,
- actualizar o profesorado nas ferramentas dixitais e tecnolóxicas,
- potenciar a colaboración interdepartamental e o intercambio de boas prácticas,
- facilitar a participación en proxectos de innovación, investigación e programas europeos.

O plan elabórase anualmente en coordinación co CFR correspondente, baixo a supervisión da vicedirección.

A avaliación faise ao remate de cada curso a través das memorias de cada liña de formación, que recolle a participación, o impacto das accións e as propostas de mellora para o curso seguinte.

9.8. Plan de Autoprotección

O Plan de Autoprotección garante a seguridade das persoas e das instalacións ante emerxencias e riscos laborais.

Inclúe protocolos de evacuación, primeiros auxilios, seguridade no traballo e simulacros anuais.

A súa revisión é anual e o seguimento corresponde á dirección, en coordinación coa Administración educativa e co servizo de prevención de riscos laborais.

10. Participación e relación coa comunidade educativa

- Claustro: órgano de coordinación docente e mellora pedagóxica.

- Consello Escolar: máximo órgano de participación.
- Equipos de coordinación: CCP, departamentos, EDLG, TIC, Biblioteca, Actividades Culturais.
- Alumnado: representación como delegados/as de grupo, Consello Escolar e actividades da PXA.
- PAS: esencial para o funcionamento e atención ao público.
- Colaboracións externas: CFR da Coruña, concellos, outros centros educativos, universidades, centros culturais, entidades europeas, etc.

A escola mantén unha comunicación fluída e institucionalizada cos responsables dos centros de Arteixo, Carballo, Cee e Culleredo, que facilitan instalacións e apoio loxístico.

11. Avaliación e mellora do PEC

A avaliación do PEC é continua e participativa.

Instrumentos:

- Memoria anual e informes de coordinación.
- Enquisas ao profesorado e alumnado.
- Avaliación das actividades culturais e plans complementarios.
- Revisión trianual polo Claustro e Consello Escolar.

Cada curso estableceranse obxectivos de mellora medibles, vinculados á Programación Xeral Anual (PXA).

12. Difusión e revisión

O PEC publicarase na páxina web oficial da EOI da Coruña. A revisión normativa e funcional realizarase cada tres anos ou antes, se se producen cambios significativos na lexislación, estrutura ou oferta de linguas.

Este Proxecto Educativo de Centro foi revisado polo Claustro en xaneiro de 2026 e aprobado polo Consello escolar o 20 de febreiro de 2026.